

Anexo

2007-2011



Concello
de Pontevedra



COMUNICADO DE PRENSA

O alcalde repasa con Boa Vila os proxectos que quere impulsar no inicio do curso político

➤ Xunto ao concelleiro de Barrios, o rexedor fixo repaso das entrevistas solicitadas aos representantes da Xunta e outros responsables institucionais, así como de temas da actualidade

Pontevedra, 18 de setembro de 2009

O alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores e o concelleiro de Barrios, Miguel Vázquez Plaza mantiveron esta tarde un encontro cos responsables da Federación de Veciños Boa Vila con motivo do inicio do novo curso político.

O alcalde explicoulles o seu desexo de impulsar as actuacións de equipamentos e outras infraestruturas vitais para o municipio, así como a iniciativa de inxectar liquidez na economía local para tratar de paliar a crise nas economías familiares do municipio. Informoulles das peticións realizadas aos conselleiros da Xunta de Galicia, ao presidente da Deputación e ao Delegado do Goberno. A todos eles solicitoulles entrevistas para abordar temas de capital importancia para a cidade.

Manifestoulles a importancia da execución da reforma do nó do Pino, a ronda urbana, a circunvalación de Marín, a A-57, a chegada do tren do Eixo Atlántico e as obras complementarias que se farán no Concello, as datas do AVE... Todas elas en mans doutras administracións, de aí a demanda das entrevistas.

Tamén abordaron outros temas de actualidade relativos á cidade. As obras no casco histórico e a posibilidade de reordenar o tráfico autorizado nesta zona da cidade, unha vez concluídas as obras de mellora, foi un dos temas que se comprometeu a estudar.

Asimesmo, os veciños mostraron o seu interese polo transporte urbano e as medidas que está a poñer en marcha o Concello como a subvención do bono-bus a Monte Porreiro. O alcalde manifestoulles que está á espera de que a Xunta poña en marcha o transporte metropolitano e reordene a infinidade de liñas que parten ou pasan por Pontevedra.

BO DÍA, GABINETE DE PRENSA

O alcalde repasa con Boa Vila algúns dos grandes proxectos para a cidade



Pontevedra, 19 de novembro de 2008

O alcalde de Pontevedra Miguel Anxo Fernández Lores e o concelleiro Miguel Vázquez Plaza entrevistáronse na tarde de onte coa directiva da Federación de Veciños Boa Vila, para facer unha análise da situación da cidade, e de diversos servizos.

Os veciños preguntaron pola situación do saneamento no rural, ao que o alcalde lles informou de que están adxudicados dos primeiros proxectos para diferentes parroquias do rural, en cumprimento do convenio de colaboración asinado coa Concellería de Medio Ambiente.

Tamén lles informou que o Concello está a estudar o convenio do transporte metropolitano que remitiu hai unhas semanas a Consellería de Política Territorial. Esta proposta pretende por en marcha un servizo de transporte público que rebaixe o prezo do billete e que dé servizo tanto ás parroquias do rural pontevedrés, como aos concellos da bisbarra de Pontevedra.

A circunvalación foi outro dos temas abordados no encontro. O rexedor explicoulles que xa están en fase de licitación a redacción de cinco proxecto constructivos, polo que continúa a fase administrativa para a execución do proxecto.

O estado do proxecto do Hospital Único ou o conflito dos veciños de Salcedo polo novo perímetro de seguridade de Brilat foron outros dos temas abordados neste cordial encontro. Precisamente, o alcalde reunírase previamente cos veciños de Salcedo aos que informou que o Concello exisíu formalmente a derogación do decreto ministerial polo que se amplía unilateralmente esta zona de seguridade.

BO DÍA, GABINETE DE PRENSA



COMUNICADO DE PRENSA

O alcalde e os veciños de Campolongo repasan as actuacións do Concello no barrio

📍 O asfaltado dalgunhas rúas, a mellora da accesibilidade, a mellora das zonas verdes, o levantamento do primeiro tramo do Gafos ou o arranxo integral do parque da seta foron algún dos temas tratados no cordial encontro

Pontevedra, 29 de outubro de 2008

O alcalde Miguel Anxo Fernández Lores e o concelleiro de barrios, Miguel Vázquez Plaza repasaron coa diretiva da Asociación de veciños Campolongo o estado do barrio. Asfaltados, melloras de zonas verdes, acondicionamento das beirarrúas para ser accesibles, o levantamento do Gafos no seu primeiro tramo, ou a redución do impacto do casetón de entrada o parking da Audiencia, foron algúns dos temas tratados na reunión.

O alcalde recibiu de primeira man a felicitación dos veciños pola limpeza que a Concellería de Medio Ambiente Urbano fixo na rúa Fernández Ladreda que rematou a principios desta semana.

Asemade, o rexedor explicoulles que está previsto o asfaltado de varias rúas no barrio: Alcalde Hevia, Iglesias Vilarelle ou Augusto García Sánchez. Esta actuación se complementará no tempo coa mellora dos espazos verdes de todo Iglesias Vilarelle (onde hai varios parterres nos que actuar) e do entronque de Gagos de Mendoza con General Rubín.

Os veciños aproveitaron a visita para solicitar ao alcalde melloras de accesibilidade no barrio, especialmente en rúas como Iglesias Vilarelle. Propuxeron a retirada dalgunhas losetas levantadas e de setos que interrompen e dificultan o paso, incluso, a retirada dalgunha árbore que tamén fai difícil a accesibilidade.

Fernández Lores informoulles de que está prevista unha reforma integral do denominado “Parque da seta”, e prantaranse olivos no entorno da igrexa de San Xosé como se está a facer noutros templos do municipio.

O alcalde recolleu a suxerencia dos veciños de reducir o impacto do casetón de entrada ao aparcadoiro da Audiencia (a entrada polo parque de Campolongo), así como a petición de descubrir a primeira parte de Os Gafos. O alcalde explicoulles sobre este punto que está sendo valorado polo goberno local pero como unha actuación integral e de gran calado xa que consistiría en deixala coas mesmas características da actual senda urbana do Gafos.

Outras peticións foron o acondicionamento da traseira da Residencia da Terceira Idade na que o Concello está a recabar información sobre a propiedade dos predios integrados nesta parcela; a mellora do alumbeado en Alcalde Hevia ou reparar a ponte sobre a avenida de Vigo coa que xa está o Concello.

BO DÍA, GABINETE DE PRENSA



CONFORME: O director xeral da Área de Mobilidade na data da súa sinatura electrónica



COMUNICADO DE PRENSA

O alcalde repasa con Castelao os grandes proxectos que pretende impulsar neste curso político

➤ Fernández Lores referiulles o encontro co presidente da Xunta e todas as entrevistas que ten solicitado a conselleiros, o presidente da Deputación e o delegado do Goberno. Tamén deixou claro o posicionamento da Alcaldía e do Concello sobre o Hospital Único

Pontevedra, 15 de setembro de 2009

O alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores e o concelleiro de Barrios, Miguel Vázquez Plaza mantiveron esta tarde un encontro cos responsables da Federación de Veciños Castelao con motivo do inicio do novo curso político, e dentro do marco dos contactos regulares que o rexedor mantén co movemento veciñal.

Estes encontros pretenden coñecer as demandas do movemento veciñal, de feito durante as próximas semanas convocará ás outras dúas federacións veciñais da cidade para facer un repaso da situación política e económica da cidade. O alcalde explicoulles o seu desexo de impulsar as actuacións de equipamentos e outras infraestruturas vitais para o municipio, así como a iniciativa de inxectar liquidez na economía local para tratar de paliar, na medida do posible, a crise nas economías familiares do municipio. De feito, as cifras municipais xa superan os 50 millóns de euros en investimento directo no municipio.

No encontro con Castelao, o alcalde fixo repaso da nova situación política co cambio de goberno na Xunta de Galicia, e explicoulles as demandas que lle fixo ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo con motivo da súa visita oficial á cidade. Tamén lles informou das peticións realizadas aos conselleiros, ao presidente da Deputación e ao Delegado do Goberno. A todos eles solicitoulles entrevistas para abordar temas de capital importancia para a cidade, “e o certo é que estas entrevistas están tardando”, manifestou Fernández Lores, quen de non obter resposta reiterará as peticións.

O alcalde fixo un repaso das actuacións que o Concello está a desenvolver nos barrios da cidade: A Parda, A Seca, Campolongo, Mollavao, Médico Ballina... que necesariamente terán que complementarse con actuacións de vital importancia para a cidade cuxa execución atópase nas mans doutras administracións, aínda que fosen impulsadas polo Goberno local.

Manifestoulles a importancia da execución da reforma do nó do Pino, a ronda urbana, a circunvalación de Marín, a A-57, a chegada do tren do Eixo Atlántico e as obras complementarias que se farán no Concello, as datas do AVE... Todas elas en mans doutras administracións, de aí a demanda das entrevistas.

Tamén deixou claro o posicionamento da Alcaldía sobre o Hospital Único. Aseguroulles que o que Sergas pretende é non investir en Pontevedra para construír un Hospital Único. Adiantou que se vai licitar antes o Hospital de Vigo que o de Pontevedra, cando de seguir o plan de traballo fixado até o de agora, o Hospital Único de Pontevedra podería estar en obras este mesmo ano en Montecelo. Polo tanto, o propósito da Xunta é non construír un novo hospital en Pontevedra.



Outro dos temas abordados foi a situación do convenio do saneamento do rural.

BO DÍA, GABINETE DE PRENSA

O alcalde repasa con Castelao os investimentos públicos contra a crise

Pontevedra, 10 de febreiro de 2009

O alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores reuniuse esta tarde coa Federación de Veciños Castelao para repasar os investimentos municipais e estatais contra a crise co propósito de coñecer a súa execución na cidade e as obras as que se van destinar en beneficio dos veciños de Pontevedra.

O alcalde explicoulles que o Concello pretende invertir nos vindeiros tres anos arredor de 350 millóns de euros en diversas obras na cidade, co propósito de tratar de conter o desemprego e inxectar liquidez ás empresas do municipio e da bisbarra que traballan en Pontevedra. Comeza a dar os seus primeiros resultados xa que as obras que están en contratación están a recibir un importante número de ofertas por parte das empresas.

Tamén aboraron algúns dos proxectos que o Concello priorizou para os Fondos de Investimento Local do Estado, dos que Pontevedra recibirá máis de 14 millóns de euros. A maior parte deles son proxectos comprometidos con diversas asociacións de veciños como poden ser os novos parques públicos, o alumeadado, a reparación de vías ou a instalación de medidas de seguridade peonil nas rúas, entre outros.

O alcalde recoñeceu á Castelao que a premura da convocatoria e a necesidade de tramitalos con urxencia impediu unha convocatoria formal aos veciños para informarles dos asuntos concretos que escolleu o goberno local. Son fondos que se deberán executar no prazo un ano (certificados en decembro) polo que se optou por pequenos proxectos realizables neste prazo.

Fernández Lores recoñeceu que o encontro con Castelao foi máis breve do que el desexaba por problemas da axenda da Alcaldía, polo que comprometeuse cos veciños a volver sobre o tema en vindeiras semanas. Cabe lembrar que o alcalde so manter encontros coa federación de veciños con asiduidade para informarles dos proxectos e decisións do goberno local.

Nas vindeiras reunións abordarán polo miúdo todos os proxectos do Fondo de Investimento Local, e farán un repaso as necesidades de cada un dos barrios e das parroquias do Concello, para coñecer as prioridades veciñais e tratar de coordinar todos os esforzos que redunden na mellora da calidade de vida dos pontevedreses.



COMUNICADO DE PRENSA

O Alcalde compromete unha inversión de máis de 9 millóns no barrio de Monte Porreiro que se comeza a executar este mesmo ano

Pontevedra, 16 de xaneiro de 2008

O alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, entrevistouse esta tarde con representantes veciñais das asociacións Eduardo Pondal, a sociocultural O Burgo e o Mirador, de Monte Porreiro, en tres reunións distintas celebradas na Alcaldía. O rexidor escoitou as peticións das respectivas directivas destes colectivos e comprometeu toda a colaboración municipal para lograr unha perfecta e constante comunicación entre os interlocutores dos veciños e o goberno local. De feito adiantou que para o barrio de Monte Porreiro, o máis populoso de Pontevedra, está prevista unha inversión de máis de 9 millóns de euros nos próximos anos, unha partida que se comeza a executar desde este mesmo 2008.

A directiva de O Mirador solicitara esta entrevista co alcalde para preguntarlle polas inversións que o Concello vai realizar no barrio no presente ano. O alcalde anuncioulles que está prevista unha inversión superior aos 9 millóns de euros en distintos proxectos, ben sufragados na totalidade polas arcas municipais, como en colaboración con outras administracións.

A modo de exemplo, o rexidor adiantoulles que está previsto comezar a construción da ponte que unirá as dúas ribeiras do Lérez valorado en máis de 4,7 millóns de euros, o soterramento da liña de alta tensión que ten un orzamento de 1,7 millóns (o Concello fai a obra civil), a senda da marxe dereita do Lérez a cargo dos fondos Proder estimados en 900.000 euros, e a senda da marxe esquerda que ten un orzamento de 400.000 euros —ambos proxectos executaranse ao longo do 2008—, a praia fluvial ubicada no entorno do barrio que dispón dunha partida de 500.000 euros, a posta en marcha da gardería e da escola taller, ámbolos dous proxectos presupostados nun millón de euros. Estes son algúns dos proxectos que se irán materializando ao longo do 2008.

Ademais tamén se continuará coa humanización do barrio seguindo o mesmo modelo de integración e mobilidade que no centro urbano da cidade, a recuperación de zonas verdes, e mellora dos parques infantís do barrio, así como a instalación de nova iluminación de certos puntos emblemáticos do barrio. Asimesmo, está previsto o novo acceso a Monte Porreiro que se vislumbrará coa urbanización da bolsa urbanística de Tafisa.

A directiva de O Mirador tamén plantexou unha mellora do transporte urbano ao barrio, petición que foi recollida polo alcalde quen lles expresou o seu pesar porque esta demanda non tivera continuidade no tempo, é dicir, non se solicitara nos pasados catro



anos de xeito tan rotundo como nestes primeiros meses do novo mandato, xa que, de ser así, neste momento o Concello podería ter avanzado moito máis nese ámbito, e nas negociacións coas outras administracións implicadas no transporte urbano.

EDUARDO PONDAL E O BURGO

Ademais do encontro coa directiva de O Mirador, o alcalde comprometeu ás directivas das asociacións de O Burgo e de Eduardo Pondal a cesión dos locais sociais para ámbolos dous colectivos veciñais. Manifestoulles que en breve se cederán ambos espazos para o disfrute de cada un dos barrios. O centro social da asociación Eduardo Pondal estará ubicado na rúa Gorgullón, mentras que o da asociación sociocultural O Burgo estará nos baixos do campo de fútbol de Pasarón.



COMUNICADO DE PRENSA

O alcalde apoia aos veciños do Marco en rexeitar o desdoblamento do vial Pino-Bora

- ❖ O Concello aposta dende hai anos pola integración desa estrada na rede viaria da cidade dándolle un tratamento totalmete urbano.
- ❖ O alcalde recibiu esta mañá a un grupo de veciños de O Marco preocupados pola presenza de técnicos e a intención da Xunta de pór en marcha este proxecto

Pontevedra, 18 de xuño de 2010

O alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores e o concelleiro Miguel Vázquez Plaza recibiron esta mañá no Concello a un grupo de veciños de O Marco, da parroquia de Marcón, afectados polo Plan Move da Xunta de Galicia que pretende o desdoblamento do vial Pino-Bora, e que podería afectar a un importante número de vivendas no lugar de O Marco.

Fernández Lores explicoulles o que horas despois os grupos municipais debatiron no Pleno Municipal. O Concello de Pontevedra está en contra do desdoblamento dese vial (previsto con 4 carrís) xa que aposta por darlle un tratamento totalmente urbano con beirarrúas, pasos elevados... e integralo no sistema viario da cidade dado a elevada densidade de poboación nalgunhas partes desta estrada.

Como alternativa, o Concello aposta que o tráfico pesado e o de paso pola cidade circule a través da circunvalación e da ronda urbana que se construirán máis alonxadas deste núcleo de poboación, de aí que inste á Xunta a acelerar esta segunda obra.

Os veciños expresáronlle o seu temor xa que nos últimos días observaron como técnicos están a elaborar o proxecto que suporía importantes afeccións nese entorno.

BO DÍA, GABINETE DE COMUNICACIÓN



COMUNICADO DE PRENSA

O alcalde informa á Federación Teucro dos proxectos que quere impulsar neste curso político

➤ Fernández Lores referiulles o encontro co presidente da Xunta e todas as entrevistas que ten solicitado a conselleiros, o presidente da Deputación e o delegado do Goberno. Tamén deixou claro o posicionamento da Alcaldía e do Concello sobre o Hospital Único en Montecelo, que foi respaldado polos veciños

Pontevedra, 22 de setembro de 2009

O alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores e o concelleiro de Barrios, Miguel Vázquez Plaza mantiveron esta tarde un encontro cos responsables da Federación de Veciños Teucro con motivo do inicio do novo curso político, e dentro do marco dos contactos regulares que o rexedor mantén co movemento veciñal.

Na cordial entrevista, o alcalde explicoulles o seu desexo de impulsar as actuacións de equipamentos e outras infraestruturas vitais para o municipio. Manifestoulles a importancia da execución da reforma do nó do Pino, a ronda urbana, a circunvalación de Marín, a A-57, a chegada do tren do Eixo Atlántico e as obras complementarias que se farán no Concello, as datas do AVE... O tema suscitou o interese dos representantes veciñais que estiveron moito tempo analizando todos estes proxectos.

O alcalde fíxolles entrega do dossier coas demandas que lle fixo ao presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo con motivo da súa visita oficial á cidade. Tamén lles informou das peticións realizadas aos conselleiros, ao presidente da Deputación e ao Delegado do Goberno. A todos eles solicitoulles entrevistas para abordar temas de capital importancia para a cidade.

Outro dos asuntos abordados foi a situación do Hospital Único de Pontevedra. O alcalde aseguroulles que o que Sergas pretende é non investir en Pontevedra para construír un Hospital Único. Adiantou que se vai licitar antes o Hospital de Vigo que o de Pontevedra, cando de seguir o plan de traballo fixado até o de agora, o Hospital Único de Pontevedra podería estar en obras este mesmo ano en Montecelo. Polo tanto, o propósito da Xunta é non construír un novo hospital en Pontevedra.

Os veciños amosaron a súa preocupación pola situación actual e deron o seu total apoio a esta postura municipal e defenden a construción do Hospital Único de Montecelo.

A situación do transporte urbano tamén foi tratada na reunión. O alcalde explicoulles a posta en marcha da subvención da principal liña urbana da cidade, e aseguroulles que haberá futuras novidades nun período breve de tempo.

BO DÍA, GABINETE DE PRENSA



O alcalde anuncia contactos con federacións e asociacións de veciños para modificar o Regulamento de participación cidadá

Na xuntanza que mantivo coa nova Federación “Teucro” fíxose unha análise da situación actual do municipio tratando infraestruturas, urbanizacións, hospital, saneamento, abastecemento, PXOM e medidas contra a crise, entre outras

Pontevedra, 28 de outubro de 2008

O alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores e o concelleiro Miguel Vázquez Plaza recibiron onte á directiva da nova Federación de Veciños “Teucro”, integrada por sete asociacións do centro urbano e do rural do municipio.

No encontro a directiva, presidida por Miguel Vilacova, presentouse ao alcalde como un novo colectivo que “nace con vocación de colaboración e lealtade”, rexidos polo principio de participación, xa que está considerada unha federación aberta a toda a cidadanía.

Pola súa banda, Fernández Lores expresoulles “o meu interese como alcalde de que exista unidade entre os veciños”. Lembroulles que é obxectivo deste goberno local manter contactos tanto coas federacións como coas asociacións para a modificación do Regulamento de Participación Cidadá, e informoulles das liñas de colaboración económica do Concello.

O alcalde comprometeuse a manter encontros regulares coa federación, xa que “como alcalde teño o máximo interese de que haxa unha relación fluida e normalizada”, independentemente de que a federación e as asociacións que a integran sexan recibidos polos concelleiros segundo os temas que aborden.

Na reunión fíxose unha análise da situación actual do municipio tocando temas como as infraestruturas, urbanizacións, hospital, abastecemento, saneamento, PXOM, así como a decisión do Concello de facer fronte á crise no eido local.

BO DÍA, GABINETE DE PRENSA



COMUNICADO DE PRENSA

Os axentes sociais coñecen o estudo de tráfico e mobilidade que está a facer o Concello

- ❖ Nunha xornada informativa realizada no marco da Semana da Mobilidade, o concelleiro de Mobilidade, Luís Bará informoulles do estudo que está a facer o Concello en materia de mobilidade. Tamén participaron os técnicos da empresa
- ❖ Para mañá está previsto o día “A cidade se o meu coche” que permitirá pechar ao tráfico o último tramo da rúa Benito Corbal entre as 09.00 horas e as 14.00 horas.

Pontevedra, 20 de setembro de 2010

A programación da Semana da Mobilidade continuou esta tarde cunha sesión informativa sobre o proceso de elaboración do Plan de tráfico e mobilidade para a cidade de Pontevedra, adxudicado o pasado mes de xullo á empresa Pettra (Plans Estratéxicos Territoriais de Transporte Medio Ambiente).

No acto celebrado na Casa das Campás entrevistou o concelleiro de Mobilidade, Luís Bará e os técnicos da empresa Pettra que está a elaborar este documento. Estiveron presentes representantes das Federacións de veciños, Amas de Casa e Consumidores, Aempe, AC Zona Monumental, Asociación Amizade, Once, Cuíña-As Rías, Delegación Taxi de Pontevedra, Asociación de Transportistas, Asociación Pedaladas e os sindicatos.

O Concello de Pontevedra adxudicou o pasado mes de xullo á empresa PETTRA a redacción deste Plan de tráfico e mobilidade da cidade por un valor de 89.900 euros. O obxectivo deste estudo é facer un diagnóstico completo sobre a mobilidade no casco urbano de Pontevedra. Movementos de vehículos por rúas, número de coches que circulan polas distintas rúas e estradas da cidade, número de peóns que empregan as rúas, os tráfico peonís, uso de estacionamentos (privados, públicos e disuasorios), análise do transporte público, as distintas liñas, número de autobuses, liñas urbanas... son algúns dos datos que se obterán con este estudo

O obxectivo deste proxecto é facer un diagnóstico completo e moi técnico sobre a mobilidade en Pontevedra. En base ao diagnóstico que se obteña, o Concello tomará medidas e para iso faranse unha serie de propostas de actuación. Neste caso, o Goberno Local espera contar coa máxima participación social e o consenso dos axentes sociais da cidade, para así responder ás necesidades de Pontevedra.

Cabe recordar que un dos requisitos que se lle exisiu á empresa adxudicataria do proxecto era ter feito outros estudos de mobilidade en cidades de máis de 50.000 habitantes e contar con técnicos con experiencia en estudos similares.

“A CIDADE SEN O MEU COCHE”

A programación da Semana da Mobilidade celebra mañá un dos días máis destacados da Semana: “A cidade sen o meu coche”. Ata o de agora, esta xornada estaba denominada “Día sen coches” pero a Unión Europea rebautizouna con “A cidade sen o meu coche”.



CONFORME: O director xeral da Área de Mobilidade na data da súa sinatura electrónica

Esta iniciativa porase en marcha na rúa Benito Corbal, entre os tramos comprendidos entre Sagasta e Cobián Roffignac, entre as 09.00 horas e as 14.00 horas.

A esta medida súmase á da empresa Cuíña-As Rías que está a colaborar coa Concellaría de Mobilidade nesta programación. Para mañá e coincidindo coa xornada “A cidade sen o meu coche”, a empresa dará acceso gratuíto a todos os usuarios da tarxeta TT.

A Semana Europea da Mobilidade celébrase este ano dende o 16 ao 22 de setembro, baixo o lema “Móvetes con intelixencia e vive mellor” e ten como tema articulador de todas as actividades programadas a seguridade e a saúde. En Pontevedra a programación ampliarase ata dez días e rematará o domingo. Na cidade estase a desenvolver un proxecto de mobilidade solidaria, saudábel, segura, primando un reparto equitativo dos usos dos espazos públicos urbanos, garantindo a accesibilidade universal, calmado o tráfico, ampliando os espazos peonís e a rede de vías verdes; un modelo que casa á perfección coa Semana Europea da Mobilidade.

BO DÍA, GABINETE DE COMUNICACIÓN





COMUNICADO DE PRENSA

Luís Bará convocará a Mesa pola bicicleta para fomentar o uso deste transporte na cidade

□ O concelleiro de Mobilidade acudiu esta mañá ao Concello en bicicleta acompañado doutros traballadores municipais, e logo participou nun almuerzo saudable. Esta actividade, organizada pola súa Concellaría, está dentro do programa da Semana Europea da Mobilidade

Pontevedra, 18 de setembro de 2009

As actividades da Semana Europea de Mobilidade organizadas polo Concello de Pontevedra, continuaron esta mañá coa "Xornada en bici ao traballo" programada pola Concellaría de Mobilidade, que xestiona Luís Bará. Este mesmo responsable municipal acompañado por un grupo de traballadores do Consistorio, acudiron até o Concello en bicicleta, e unha vez alí gozaron dun almuerzo saudable.

O concelleiro quixo agradecer a colaboración do persoal municipal e animar a outros traballadores a acudir ao traballo neste medio de transporte. Tamén serviu este encontro para cambiar opinións sobre mellorar as instalacións relacionadas coa bicicleta na cidade de Pontevedra.

Luís Bará manifestou esta mañá que en próximas semanas (arredor do 6 de outubro) convocará unha Mesa pola bicicleta, polo que xa mantivo contactos con colectivos como Pedaladas, Defensa da Ría, Peña Ciclista Motobike e outras entidades e colectivos relacionados co mundo da bicicleta. O propósito é desenvolver unha política de promoción da bicicleta na cidade en colaboración con estes e outros colectivos, de tal xeito que se anime a empregarlo como medio de transporte logrando que os cidadáns de Pontevedra se trasladen ao seu posto de traballo en bicicleta. De feito, inicialmente esta campaña irá dirixida aos traballadores de entidades e institucións públicas (Concello, Deputación, Xunta, Hospitais...).

Luís Bará asegurou que esta Mesa pola bicicleta pretende ser un foro de diálogo, debate, achega de ideas, propostas... que pretendan fomentar e mellorar o uso deste medio de transporte durante os vindeiros anos.

PEDALADA O DOMINGO

A Semana Europea da Mobilidade do Concello de Pontevedra continuará este domingo cunha Pedalada na que poderán participar todos os ciclistas que consideren. Será popular e partirá da praza da Peregrina e rematará na Illa das Esculturas. Dará a saída o alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores, e tamén estará presente o concelleiro de Mobilidade, Luís Bará que participará na Pedalada. A filosofía desta actividade (xa se fixera unha en primavera con motivo do Día da Bicicleta) é incluíla dentro do outono e no inicio do curso escolar, para animar á cidadanía a usar este medio de transporte.

A Semana Europea da Mobilidade, unha iniciativa da Unión Europea á que se suma o Concello de Pontevedra celébrase este ano baixo o lema "Mellora o clima da túa cidade".

Esta iniciativa ten por obxectivo fomentar a mobilidade sostíbel, e iso supón fomentar a



redución do vehículo privado e a promoción dos desprazamentos a pe, en bicicleta e no transporte público. Pontevedra, xa deste hai anos, está traballando en perfecta sintonía co espírito desta convocatoria promovida pola Unión Europea, é dicir mobilidade sostíbel que vai máis alá do tráfico e da circulación de vehículos pola cidade, da convivencia de distintas formas de desprazamento e a necesaria da redución do uso do vehículo privado.

Baixo o lema "Mellora o clima da túa cidade" preténdese contribuír á loita contra o cambio climático mediante a redución de CO2, e favorecer a convivencia, saúde, a seguridade, a diminución de ruído e a calidade de vida na cidade.

BO DÍA, GABINETE DE PRENSA

O Concello amosa aos colectivos cidadáns o seu traballo a prol da mobilidade da cidade

□ O alcalde acompañado do concelleiro de Mobilidade, Luís Bará e do de Protección Cidadá, Demetrio Gómez participaron nun acto no que estiveron representantes veciñais, Aempe, ONCE, as Amas de Casa, taxistas, empresas do transporte público para coñecer o traballo do Concello a prol da mobilidade na nosa cidade

Pontevedra, 16 de setembro de 2009

As tres federacións de veciños da cidade (Castelao, Teucro e Boa Vila), a asociación de autopatronos do taxi, representantes das empresas de transporte público da cidade, o colectivo de Amas de Casa, Aempe, a ONCE e da asociación Pedaladas puideron comprobar esta mañá o funcionamento da sala de pantallas da Policía Local de Pontevedra e o traballo que fan estes profesionais a prol da mobilidade na nosa cidade. Con esta convocatoria, a Concellaría de Mobilidade, xestionada por Luís Bará abría hoxe a Semana Europea da Mobilidade na nosa cidade, nun acto que non se quixo perder o alcalde Miguel Anxo Fernández Lores e o responsable de Protección Cidadá do Concello, Demetrio Gómez, que estiveron acompañados do xefe da Policía Local, Daniel Macenlle e outros profesionais deste corpo.

Na presentación desta sala e o traballo de control que a Policía Local fai sobre a mobilidade na cidade resultou de moito interese para os asistentes, até o punto de que algunhas asociacións solicitaron a colaboración da Policía Local para poder impartir nas súas sedes algunhas charlas ou conferencias sobre a mobilidade en Pontevedra e o papel que xoga o corpo municipal.

O concelleiro Luís Bará continuará co programa de actividades pensado para esta Semana Europea da Mobilidade, unha iniciativa da Unión Europea á que se suma o Concello de Pontevedra baixo o lema "Mellora o clima da túa cidade".

Esta iniciativa ten por obxectivo fomentar a mobilidade sostíbel, e iso supón fomentar a redución do vehículo privado e a promoción dos desprazamentos a pe, en bicicleta e no transporte público. Segundo a filosofía do Goberno local, que resumiu o concelleiro, "Pontevedra, xa deste hai anos, está traballando en perfecta sintonía co espírito desta convocatoria promovida pola Unión Europea", é dicir "mobilidade sostíbel que vai máis alá do tráfico e da circulación de vehículos pola cidade, da convivencia de distintas formas de desprazamento e a necesaria da redución do uso do vehículo privado".



CONFORME: O director xeral da Área de Mobilidade na data da súa sinatura electrónica

Baixo o lema "Mellora o clima da túa cidade" preténdese contribuír á loita contra o cambio climático mediante a redución de CO2, e en favorecer a convivencia, saúde, a seguridade, a diminución de ruído e a calidade de vida na cidade.

Na pasada edición da Semana Europea da Mobilidade participaron máis de 2.000 cidades, e no Estado español foron 365 cidades e vilas que se sumaron a esta iniciativa.

Os actos da Semana da Mobilidade continúan mañá coa "Xornada en bici ao traballo" que pretende promover o uso da bicicleta entre o persoal do Concello. De feito, xunto a outros traballadores, o concelleiro Luís Bará chegará ao Concello en bicicleta, e está previsto que ás 08.30 horas convide a un café aos "ciclistas" para escoitar as súas opinións e propostas para mellorar a mobilidade en bicicleta pola cidade, a fomentar o uso do Pillabici...

A Concellaría de Mobilidade continuará cos actos desta Semana o domingo, data na que está prevista unha pedalada polo casco urbano. Partirá ás 12.00 horas da praza da Peregrina e fará un percorrido por todo o centro urbano. A filosofía desta pedalada (xa se fixera unha en primavera con motivo do Día da Bicicleta) é incluíla dentro do outono e no inicio do curso escolar para animar á cidadanía a usar este medio de transporte.

BO DÍA, GABINETE DE PRENSA





COMUNICADO DE PRENSA

Luís Bará e Amizade fan repaso da accesibilidade na cidade

□ O concelleiro iniciou con este colectivo unha rolda de contactos coas distintas asociacións relacionadas con esta materia. Mostrouse interesado en crear unha comisión de accesibilidade no Concello aberta aos colectivos de persoas con discapacidade e ao resto dos sectores relacionados con este ámbito

Pontevedra, 23 de xuño de 2009

O concelleiro de Obras Urbanas e accesibilidade, Luís Bará mantivo esta mañá un encontro cos responsables da asociación Amizade, na sede de Cogami, en Monte Porreiro, dentro dunha rolda de reunións que pretende realizar para presentarse e tomar contacto cos distintos colectivos relacionados coa área de accesibilidade. Estes encontros tamén os manterá con outras entidades vinculadas á súa área de responsabilidade.

Na reunión fixeron repaso das cuestións relacionadas coa accesibilidade na cidade. A asociación recoñeceu o traballo realizado até o de agora polo Goberno de Miguel Anxo Fernández Lores en materia de eliminación de barreiras arquitectónicas no casco urbano, un goberno pioneiro en Galicia nesta materia. Precisamente, a colaboración de Amizade e Cogami con este proxecto global iniciado en Pontevedra fai que exista unha boa sintonía entre o Concello e o colectivo dende hai anos.

Os representantes de Cogami plantexaron a Luís Bará a posibilidade de crear unha comisión de accesibilidade dentro do Concello co obxectivo de manter un diálogo aberto e constante sobre esta materia. O concelleiro mostrouse de acordo con crear esta comisión pero entende que non se debe circunscribir exclusivamente ás persoas con discapacidade, senón que tamén debería estar integrada por todos os sectores da sociedade implicados nesta materia. Considerou moi interesante a proposta para poñela en marcha unha vez que manteña contactos con todos os colectivos.

Na reunión tamén fixeron repaso do transporte público adaptado e da necesidade de facer un maior control dos estacionamentos para discapacitados tanto no seu uso como na súa creación.

BO DÍA, GABINETE DE PRENSA



COMUNICADO DE PRENSA

Os directores dos colexios e institutos coñecen o modelo de mobilidade de Pontevedra

- ❖ Nun encontro realizado nas dependencias da Policía Local, os responsables dos centros de ensino foron informados do modelo de xestión da Mobilidade en Pontevedra por parte do alcalde, do concelleiro de Mobilidade e do intendente principal da Policía Local.
- ❖ A Semana da Mobilidade continúa mañá coa presentación ás entidades sociais e cidadás do Mapa da Mobilidade en Pontevedra.

Pontevedra, 20 de setembro de 2010

A Semana Europea da Mobilidade retomou a súa programación hoxe cunha visita dos directores dos colexios de Primaria e Secundaria de todo o municipio á Central de Tráfico da Policía Local. O alcalde Miguel Anxo Fernández Lores, o concelleiro de Mobilidade, Luís Bará e o intendente principal da Policía Local, Daniel Macenlle deron a coñecer o importante traballo que realiza a Policía Local no ámbito da mobilidade en xeral, e na xestión do tráfico, en particular. Esta visita estaba pensada como unha xornada de portas abertas das dependencias municipais, en concreto, do CETRA, á sociedade pontevedresa.

A visita comezou ás 12.30 horas onde os directores coñecerán á sala de pantaias da Policía. O concelleiro de Mobilidade deulles a benvinda e explicoulles o que é a Semana a Mobilidade.

O alcalde Miguel Anxo Fernández Lores explicoulles o modelo de mobilidade de Pontevedra co tráfico calmado e a nova ordenanza de velocidade limitada a 30 quilómetros/hora, as campañas de Educación viaria e o novo proxecto de Camiños escolares seguros; a promoción de formas de mobilidade saudable e seguras, a accesibilidade universal... E tamén fixo referencia aos distintos premios acadados polo Concello que supoñen un recoñecemento a todo este modelo (Premio Cermi, de Seguridade viaria).

Pola súa banda, o intendente principal, Daniel Macenlle e o responsable de mobilidade da Policía Local explicaron o traballo que realiza a Policía Local neste eido, a Educación viaria, as campañas de control do tráfico, dispositivos especiais.

A programación da Semana da Mobilidade continúa mañá, martes, 21 de setembro, cun encontro do concelleiro de Mobilidade, Luís Bará coas entidades sociais e cidadás para presentarllas o Mapa de Mobilidade do municipio de Pontevedra. A cita é na Casa das Campás a partir das 19.00 horas.

A Semana Europea da Mobilidade, que no caso de Pontevedra amplíase a dez días, celébrase este ano dende o 16 ao 22 de setembro, baixo o lema "Móvete con intelixencia e vive mellor" e ten como tema articulador de todas as actividades programadas a seguridade e a saúde. En Pontevedra estase a desenvolver un proxecto de mobilidade solidaria, saudábel, segura, primando un reparto equitativo dos usos dos espazos públicos urbanos, garantindo a accesibilidade universal, calmado o tráfico, ampliando os espazos peonís e a rede de vías verdes; un modelo que casa á perfección coa Semana Europea da Mobilidade.



CONFORME: O director xeral da Área de Mobilidade na data da súa sinatura electrónica

BO DÍA, GABINETE DE COMUNICACIÓN



COMUNICADO DE PRENSA

Luís Bará presenta o Plan de tráfico e mobilidade aos colectivos do municipio

❖ O acto será esta tarde, a partir das 19.30 horas, na Casa das Campás.

Pontevedra, 3 de febreiro de 2011

O concelleiro de Mobilidade, Luís Bará presentará esta tarde o Plan de tráfico e mobilidade que a empresa Pettra está a realizar para o Concello de Pontevedra. Ás 19.30 horas están convocados na Casa das Campás asociacións empresariais e comerciais, representantes de taxistas e transportistas, asociacións veciñais, as amas de casa, os colectivos vinculados ao mundo da bicicleta e as asociacións integrantes na mesa de accesibilidade (todos aqueles que traballan neste ámbito).

O concelleiro presentará o análise que a empresa entregou recentemente ao Concello, e que poderán ver os asistentes. Luís Bará lembrou que fóra un compromiso da súa concellaría dar a coñecer o documento unha vez que o tivera o Concello.

Tamén se comprometeu a presentar as propostas que faga a empresa, unha vez que sexan entregadas pola empresa Pettra.

Na reunión, o concelleiro estará acompañado de técnicos municipais e tamén dos responsables da empresa Pettra que están a facer o estudo.

BO DÍA, GABINETE DE COMUNICACIÓN

COMUNICADO DE PRENSA

A Xunta de Goberno aproba a adxudicación provisional do Plan de Tráfico e Mobilidade

❖ A empresa Petra fará o estudo por un valor de case 90.000 euros.



- ❖ O Concello obterá datos sobre tráfico de vehículos, de peóns, usos de estacionamentos, liñas de transporte público e outros vinculados á mobilidade na cidade.
- ❖ O Concello roga a máxima participación social e confía en obter o apoio dos axentes sociais para ter un plan de futuro e consensuado

Pontevedra, 12 de xullo de 2010

A Xunta de Goberno aprobou hoxe provisionalmente a adxudicación da empresa Petra a redacción do Plan de tráfico e mobilidade da cidade de Pontevedra por un valor de 89.900 euros. O obxectivo deste estudo é facer un diagnóstico completo sobre a mobilidade no casco urbano de Pontevedra.

Movimentos de vehículos por rúas, número de coches que circulan polas distintas rúas e estradas da cidade, número de peóns que empregan as rúas, os tráfico peonís, uso de estacionamentos (privados, públicos e disuasorios), análise do transporte público, as distintas liñas, número de autobuses, liñas urbanas... son algúns dos datos que se obterán con este estudo.

O obxectivo deste proxecto é facer un diagnóstico completo e moi técnico sobre a mobilidade en Pontevedra. En base ao diagnóstico que se obteña, o Concello tomará medidas e para iso faranse unha serie de propostas de actuación. Neste caso, o Goberno Local espera contar coa máxima participación social e o consenso dos axentes sociais da cidade, para así responder ás necesidades de Pontevedra.

Cabe recordar que un dos requisitos que se lle exixiu á empresa adxudicataria do proxecto era ter feito outros estudos de mobilidade en cidades de máis de 50.000 habitantes e contar con técnicos con experiencia en estudos similares.

BO DÍA, GABINETE DE COMUNICACIÓN





COMUNICADO DE PRENSA

Luís Bará e os taxistas da cidade manterán un diálogo permanente sobre as rúas e o tráfico na cidade

□ O concelleiro responsable de Transportes visitou esta mañá as instalacións da Asociación na rúa Fernando II para coñecer o traballo deste importante colectivo na cidade

Pontevedra, 10 de xullo de 2009

O concelleiro de Obras urbanas e Transporte, Luís Bará mantivo esta mañá un encontro coa Asociación de autopatronos do Taxi de Pontevedra nas mesmas instalacións deste colectivo, situadas na rúa Fernando II. O propio conselleiro destacou a importancia de que a reunión se celebrase nas súas instalacións xa que quería coñecer como traballaban e observou con moito agrado que nelas traballan nove persoas, a través dun programa de emprego de discapacitados.

A reunión foi co presidente da Asociación, José Crespo, e co delegado para Pontevedra, Javier Filgueira, recentemente nomeado, quen es agradeceron a visita do responsable do goberno local quen se comprometeu a ter un diálogo permanente con este colectivo tan importante na cidade, así como manter en conta as súas suxestións e propostas.

Aínda que se tratou dunha entrevista protocolaria e de presentación polo recente nomeamento de Luís Bará como responsable de Transporte do Concello, na reunión abordaron distintas cuestións que xa trataran previamente noutros encontros nos que estivo presente a Policía Local.

Con motivo das obras na Praza de Galicia e de Benito Corbal, acordouse volver a poñer a sinalización horizontal que reserve o espazo para as paradas. Tamén nas inmediacións do centro de saúde de Lérez, onde tamén se realizaron obras e eliminouse a sinalización que reservaba o espazo para os taxistas.

No ámbito do novo edificio da Xunta, os taxistas solicitaron un espazo para poder coller e deixar a clientes, que neste momento fan na rúa Fernández Ladreda. A Policía Local xa recolleu esta suxestión e traballa na habilitación dun espazo para esta finalidade.

Con respecto á parada da Praza de España, a Concellaría ordenou nesta semana o cambio da parada para a rúa Alameda, a consecuencia das obras do estacionamento soterrado. E durante as festas, a parada trasladarase á rúa Prudencio Landín provisionalmente. É moi probable que, unha vez que rematen as obras do estacionamento, a parada de taxis quede ubicada definitivamente na rúa Alameda.

Na actualidade, a Asociación dispón de información diaria ofrecida pola Policía Local sobre os cortes de tráfico e as obras que se están a desenvolver nas rúas da cidade. O concelleiro Luís Bará comprometeuse a mantelos informados dos novos proxectos de reforma, acondicionamento ou mantemento que afecten ás rúas da cidade para evitar o maior número de molestias aos taxistas da cidade, e atender ás súas suxerencias.

O encontro coincidiu no mesmo día da festividade do sector, San Cristobal, que os taxistas celebrarán o domingo no Pazo da Cultura.



CONFORME: O director xeral da Área de Mobilidade na data da súa sinatura electrónica

BO DÍA, GABINETE DE PRENSA



COMUNICADO DE PRENSA

Guillermo Vázquez presenta ás asociacións a nova reordenación de tráfico en tres puntos da cidade

Antes de dar a coñecer públicamente as propostas de reordenación entrevistárase coa empresa de autobuses Rías Baixas, os taxistas, Aempe e a asociación Atlántico

Pontevedra, 14 de outubro de 2008

Dentro das accións promovidas pola Concellaría de Protección Cidadá, que xestiona Guillermo Vázquez, para mellorar a mobilidade do tráfico urbano, está a reordenación do tráfico en determinados puntos problemáticos da cidade. O concelleiro anunciou a principios de semana que son os do Hospital, o do Estadio da Xuventude e o do antigo cuartel da Garda Civil.

Antes de dar a coñecer públicamente estas modificacións e por deferencia ás asociacións e colectivos que propuxeron alternativas a estes puntos, o concelleiro reuniuse mañá, ao longo da mañá, con eles.

Ás 11.30 horas reuniuse coa empresa de autobuses Rías Baixas

En torno ás 11.45 horas coa asociación de autotaxis

Sobre ás 12.00 horas coa asociación de veciños Atlántico

É as 12.30 horas con Aempe.

NOTA: Se queredes sacar imaxes destas reunións, propoñemos a última, ás 12.30 horas con Aempe, xa que a continuación, ás 13.00 horas, será a rolda de prensa. Se alguén está interesado en obter imaxes dalgunha reunión máis o concelleiro non ten inconveniente, pero agradecería que nos chamedes antes.

Ángeles 618 85 62 47

BO DÍA, GABINETE DE PRENSA



A exposición sobre a Ponte das Correntes na Casa das Campas abre hoxe ao público

Os horarios da pranta baixa, onde se atopa a mostra, serán de 11 a 14 horas e de 18 a 21 horas. Unha vez visitada e coñecidas as alternativas os visitantes que o desexen poden votar as ofertas que máis lle gustaron, cubrindo unha enquisa e depositándoa nunha urna no mesmo lugar. Tamén o poden facer a través da páxina web no sitio www.pontevedra.eu/correntes

Pontevedra, 25 de febreiro de 2008

A Casa das Campás abre hoxe ao público, a exposición sobre a Ponte das Correntes en horario de 11 a 14 horas e de 18 a 21 horas. O sábado, nunha visita oficial a esta mostra, o rexedor capitalino instou aos pontevedreses que se acheguen ata o Reitorado para aportar a súa valoración aos oito proxectos distintos que se presentaron, xa que considera que "esta ten que ser a ponte dos pontevedreses".

As dúas salas da planta baixa da Casa das Campás acollen os diversos paneis que integran a exposición. Nunha primeira parte preténdese contextualizar e argumentar a necesidade da construción da Ponte das Correntes como alternativa ao tráfico saturado da Ponte da Barca. Deste xeito, a Ponte da Barca sería de entrada á cidade mentras que a das Correntes, o sería de saída. Tamén se amosa a rede viaria actual e futura que proxecta e defende o Concello, e na que se inclúen vias como a circunvalación ou xa chamada A-57, a ronda urbana...

Unha segunda parte da exposición, situada na sala interior da planta baixa da Casa das Campás, recolle as oito alternativas que se presentaron á mesa de contratación (só decaiu unha: unha ponte colgante valorada en máis de 13 millóns de euros, case o dobre do prezo de licitación). Todas teñen un tratamento similar, e as infografíaas expostas foron escollidas polos técnicos municipais.

Agora os cidadáns teñen a palabra. Nas súas mans está unha parte moi importante da futura Ponte das Correntes. E o Concello apela a eles para que se animen a achegarse antes do 24 de xullo ata a Casa das Campás para valorar as ofertas.

Alí mesmo poderán cubrir unha enquisa sobre as alternativas que máis lle gustaron e depositala nunha urna. A través da páxina web tamén poderán emitir a súa opinión www.pontevedra.eu/correntes

Ata o de agora (son as 15.00 horas) esta páxina web recibiu 198 entradas e xa se cubriron 28 enquisas.

BO DÍA, GABINETE DE PRENSA



COMUNICADO DE PRENSA

Rematan as charlas informativas sobre o PXOM

Pontevedra, 15 de marzo de 2011

O Concello de Pontevedra pon fin, esta tarde, ás charlas informativas nas parroquias do concello sobre a situación real do PXOM de Pontevedra. Estiveron impartidas por distintos membros e asesores do Goberno e polo propio alcalde.

As últimas charlas son:

MARTES, 15 de marzo ás 20.30 horas
Escola de Novás (Bora) – Demetrio Gómez
Local social de Forga (Lérez) – Alcalde
Centro social de A Devesa (Alba) – Carne da Silva

BO DÍA, GABINETE DE COMUNICACIÓN

COMUNICADO DE PRENSA

O Concello de Pontevedra recibiu esta mañá o Plan Xeral de Ordenación Municipal

❖ A empresa Consultora Galega meteu esta mañá no Rexistro Xeral do Concello o documento no que se protexe o 77% do solo do municipio.

Pontevedra, 5 de marzo de 2011



O Rexistro Xeral do Concello recibiu esta mañá o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Pontevedra entregado pola empresa que o está a redactar, Consultora Galega. O concelleiro de Infraestruturas, César Mosquera, nunha primeira ollada das grandes cifras do documento, confirmou que protexe o 77% dos 119 kilómetros cadrados do solo do municipio (con distintos tipos de protección) e proxecta a construción de 30.009 vivendas.

O documento entregado esta mañá por Consultora Galega recolle que o concello de Pontevedra ten 119 kilómetros cadrados, dos cales o novo PXOM protexe o 77%. “O resto do solo é onde se pode facer algo”, explica César Mosquera. Neste restante, o PXOM reserva 4,3 kilómetros cadrados para espazos dotacionais ou equipamentos; 4,2 kilómetros cadrados son espazos verdes; e 6,6 kilómetros cadrados son solo industrial.

Sobre o parque residencial, o PXOM plantexa a posibilidade de construír 30.009 vivendas, das cales 9.500 serían no actual solo urbano e 20.500 serían no rural, é dicir, Ponte Sampaio, Salcedo, Lérez, Tomeza, Marcón, Estribela...

O Plan Xeral tamén contempla unha rede de estacionamentos disuasorios ou periféricos arredor de toda a cidade.

O concelleiro de Infraestruturas explicou esta mañá que “o novo Plan Xeral está exquisitamente adaptado á normativa vixente, e especialmente á Lei de Ordenación Urbanística de Galicia”. Dende o Concello non hai duda en “actuar para sacar adiante o Plan Xeral cumprindo exquisitamente coa lei, polo que non estará disposto a eliminar todos os espazos dotacionais, industriais ou a reducir todo o residencial que é o que pretende a Xunta de Galicia, como se puido ver no seu último informe”. César Mosquera sostén que a Xunta actúa cunha “vontade extraña que nada ten que ver coa normativa actual”.

César Mosquera tamén quixo saír ao paso das críticas do conselleiro de Infraestruturas sobre a actuación do Concello de Pontevedra no PXOM. Asegurou que “a estas alturas o rigor non se lle supón (a Agustín Hernández)”. Para mostra, a reacción do mesmo conselleiro cando Pontevedra coñeceu o Plan de Ordenación do Litoral. O titular do departamento de Infraestruturas da Xunta aseguraba que non afectaba a vivenda ningunha (en realidade eran máis de 1.000), e finalmente tivo que cambiar as determinacións daquel documento, dándolle a razón ao Concello de Pontevedra que foi criticado de alarmar á poboación e o non ser leal administrativamente.

BO DÍA, GABINETE DE COMUNICACIÓN

COMUNICADO DE PRENSA

O período de suxestións ao avance do Plan Xeral péchase con 2.600
propostas da cidadanía

Pontevedra, 11 de decembro de 2007

Unha vez rematado o prazo de dous meses outorgado polo Concello de Pontevedra para a presentación de suxestións públicas o avance do Plan Xeral de Ordenación



Municipal (PXOM), presentáronse unhas 1.400 aportacións cidadás, que se corresponden a uns 2.600 alegantes segundo se deduce dos datos que figuran no Rexistro Xeral do Concello. O concelleiro de Ordenación do Territorio, César Mosquera, valorou hoxe de modo “moi positivo” a participación dos cidadáns e asegurou que “moitas das suxestións serán tidas en conta e aportadas ao avance do plan”.

Segundo os datos técnicos, os planos do PXOM foron consultados por unhas 16.000 persoas e perto de 6.000 veciños do municipio preguntaron dudas aos técnicos.

Ao redor do 58% do total de suxestións, unhas 1.500, abordan cuestións xerais como deslindes ou infraestructuras. As relativas a asuntos de particulares foron unhas 1.000 suxestións, un 39% do total.

César Mosquera amosou a súa sorpresa en que a maior parte das aportacións cidadás concernían ao ámbito urbano do municipio. Foron 527 urbanas fronte ás 487 rurais. Noutro tipo de alegacións reclaman propostas de convenios, corrección de erros...

Asociacións de veciños, comunidades de montes, a Universidade de Vigo ou a Igrexia foron algúns dos colectivos e entidades que presentaron suxestións ao avance do Plan, maiormente centrados no trazado da ronda urbana (especialmente pola zona de Marcón e Conde Bugallal).

O concelleiro de Ordeación do Territorio asegurou que a participación cidadá neste proceso demostra “o grande interese” que suscita, especialmente, o carácter xeral da futura norma urbanística da cidade xa que “a maior parte das alegacións teñen este carácter”.

TRAMITACIÓN

A partir deste momento, o avance do PXOM deberase complementar coas determinacións que aporte a Dirección Xeral de Urbanismo, que será a que finalmente aprobe o documento; coas determinacións da Consellería de Medio Ambiente a través da avaliación ambiental estratéxica, así como as dos grupos políticos da Corporación.

Segundo César Mosquera “esperemos que todo isto estea no horizonte do mes de abril ou maio”, de modo que o documento do Plan Xeral poderase comenzo a confeccionar neste mesmo ano. “E a partir de aí o tempo que sexa necesario tecnicamente”, aínda que unha vez que se aprobe inicialmente “hai que traballar con rapidez”.

BO DÍA, GABINETE DE PRENSA



COMUNICADO DE PRENSA

O Concello mellorará os espazos deportivos e as zonas verdes de Ponte Muiños

📍 O alcalde confirmou esta tarde aos veciños que os concelleiros Raimundo González Carballo e Miguel Vázquez Plaza visitarán o barrio para coñecer in situ as necesidades

Pontevedra, 10 de abril de 2008

O alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores, recibiu esta tarde a tres representantes da asociación de veciños de Ponte Muiños que lle solicitaron melloras relacionadas cos espazos verdes, o mantemento, e a seguridade vial do barrio. O alcalde e os veciños fixeron un repaso das actuacións que se van acometer e as que están pendentes.

Fernández Lores informoulles que estaba prevista unha visita do concelleiro de Medio Ambiente Urbano, Raimundo González Carballo, e do concelleiro de servizos territorializados, Miguel Vázquez Plaza ao barrio na próxima semana para coñecer in situ estas necesidades.

Entre as peticións veciñais está a mellora da seguridade vial nas estradas interiores do barrio coa instalación de pasos peonís elevados, así como unha maior regulación do aparcamento nos días de competicións na piscina olímpica.

Ao respecto das zonas verdes, os traballos do entorno da piscina olímpica comezarán en breve, así como a colocación de mobiliario urbano (papeleiras, bancos...). Tamén se acometerá o pintado do local social.

En canto as instalacións deportivas, proximamente comezarán os traballos de pintado dos espazos deportivos que se complementarán coa instalación de porterías para fútbol e canastras de baloncesto.

De todos os xeitos, estas necesidades e os traballos que comenzarán proximamente veranse complementados coa visita que cursarán os dos concelleiros ao barrio de Ponte Muiños, como o alcalde lles confirmou aos veciños.

BO DÍA, GABINETE DE PRENSA





COMUNICADO DE PRENSA

O Concello e a dirección do Sagrado Corazón estudan a mellora da circulación perimetral do Colexio

📌 O Concello tratará de mellorar o entronque do equipamento educativo cos viais perimetrais, especialmente a rúa Losada Diéguez. O obxectivo é mellorar a seguridade dos escolares

Pontevedra, 2 de xullo de 2009

O alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores recibiu esta tarde á directiva do Colexio Sagrado Corazón para abodar diversas cuestións urbanísticas relacionadas co equipamento do Colexio.

Logo das conversas, tanto o alcalde como a directiva do Sagrado Corazón acordaron que o Concello, no marco do no planeamento, regularizará o entronque do equipamento educativo co viario existente, especialmente na rúa Losada Diéguez. Incluso, estudiará facer un estudio de detalle urbanístico na zona para mellorar tanto a circulación perimetral do equipamento educativo así como mellorar a seguridade dos alumnos do centro escolar.

BO DÍA, GABINETE DE PRENSA



COMUNICADO DE PRENSA

O concelleiro Miguel Vázquez Plaza reúnese esta noite cos veciños afectados de Alba e Campañó pola reforma da PO-531

Pontevedra, 20 de decembro de 2007

O concelleiro Miguel Vázquez Plaza, responsable de servizos territorializados, reúnese esta tarde (ás 20.00 horas) con veciños das parroquias de Alba e Campañó afectados polo proxecto de ampliación da carretera PO-531 (a Vilagarcía) na antiga escola de A Devesa.

Adiantou que o propósito do encontro é informativo, é dicir, dar conta aos veciños da proposta da Consellería de Política Territorial de ampliación da estrada a Vilagarcía entre Pontevedra e Curro (Barro). Lembrará que a idea do proxecto naceu no ano 2003 e non se presentou ata agora. Neste tempo plantexáronse outras infraestructuras que van ter saída neste tramo que proxecta reformar Política Territorial, como a circunvalación do municipio de Pontevedra, é dicir, un vial de alta capacidade que tería saída na carretera de Vilagarcía (máis ou menos á altura de Curro) e non faría necesario crear una “semi autovía” da PO-531.

Segundo Vázquez Plaza “non parece lóxico” a solución adoptada pola Xunta dado que “se trata dun vial practicamente urbano” e o proxecto de Política Territorial inclue, por exemplo, medianeiras e non ofrece demasiadas garantías na seguridade vial. Os peóns non teñen moitas opcións para cruzar un vial que se plantexa como “unha vía rápida ou unha especie de autovía”. Entende que o proxecto é “mellorable”.

BO DÍA, GABINETE DE PRENSA



COMUNICADO DE PRENSA

Miguel Vázquez Plaza compromete a Casa da Cultura de Salcedo logo da cesión dos terreos

❖ No encontro co grupo municipal do BNG, o concelleiro responsable da construción destes equipamentos no rural pediulles aos colectivos que poñan sobre a mesa as necesidades de cada asociación para poder conxugalas nun proxecto

Pontevedra, 8 de outubro de 2009

O grupo municipal do BNG reuniuse esta tarde con colectivos de Salcedo para a construción dunha nova Casa da Cultura nesta parroquia. No encontro estiveron a voceira do grupo, Anxos Riveiro, e o concelleiro responsable da construción das Casas de Cultura en barrios e parroquias no Goberno Local, Miguel Vázquez Plaza.

O concelleiro comprometeuse a facer esta nova instalación social na parroquia de Salcedo, pero previamente reclamoulles o consenso de todos os grupos sociais da parroquia e tamén os terreos para executalo.

No encontro lembrou que a oferta da construción da Casa da Cultura en Salcedo fóra unha aposta do Goberno Local, con Miguel Vázquez Plaza ao fronte, que agora recollen os veciños. De feito na última reunión con algúns dos colectivos da parroquia, o pasado 2 de xuño, o propio alcalde lles garantía a construción da Casa da Cultura sempre que houbera ese consenso social e a cesión dos terreos.

Os veciños explicaron que a Comunidade de Montes celebrará o vindeiro 18 de outubro unha asemblea na que se aprobará a cesión ao Concello dunha parcela da súa propiedade para a construción da Casa da Cultura.

Pola súa banda, Miguel Vázquez Plaza lembrou que hai un proxecto feito de hai varios anos, pero entende que é preciso coñecer as necesidades de todos os colectivos e redactar outro proxecto que se adapte ás necesidades actuais da parroquia. Por iso, pediu aos veciños que recollan as necesidades de todas as asociacións que empregarán estas instalacións, para poder conxugalas nese novo proxecto.

BO DÍA, GABINETE DE PRENSA

Os veciños amósanse de acordo do informe técnico do Concello que aconsella a paralización das obras da Brilat



☐ No encontro co alcalde e o concelleiro Vázquez Plaza tamén plantexaron a necesidade de construír unha Casa da Cultura na parroquia. Os propios veciños comprometéronse a consensuar a ubicación e o proxecto con todos os colectivos, e o alcalde a que o Concello fará a obra sempre que se den esas premisas

Pontevedra, 2 de xuño de 2009

O alcalde Miguel Anxo Fernández Lores e o concelleiro Miguel Vázquez Plaza reuníronse esta tarde coa Asociación de veciños Héroes do Campo da Porta e a comisión de afectados da Brilat da parroquia de Salcedo na que abordaron diversos temas.

Un dos temas do encontro foi a preocupación polo tratamento que a Brilat está a facer do monte comunal. Os veciños agradeceron as xestións relacionadas polo Concello nestes últimos tempos como o informe do director xeral de Disciplina Urbanística que foi trasladado á Consellería de Medio Rural, competente na supervisión das obras en terreo rústico. Os veciños amosáronse totalmente de acordo coas conclusións do alto funcionario do Concello que defende que as obras non deben continuar.

Outro dos temas abordados na entrevista foi a construción dunha Casa da Cultura. Tanto a Asociación de veciños como a comisión de afectados plantexaron a posibilidade de que o Concello acomete a construción dunha nova Casa da Cultura en Salcedo. Previamente se comprometen a consensuar con todos os colectivos da parroquia a ubicación e o proxecto.

O alcalde comprometeuse a que o Concello faría a obra cando exista ese consenso e unha vez que teña terreos a disposición.

Ademais os veciños plantexaron a posibilidade de que, neste momento que se está a abordar a redacción do PXOM de Pontevedra, se amplíen os núcleos rurais, especialmente o referente á parroquia de Salcedo. O alcalde explicoulles que as limitacións deste punto non as marca o Concello de Pontevedra senón a Lei do Solo á que está suxeita a redacción da principal normativa urbanística do Concello.

O alcalde garante aos veciños de Salcedo o Concello velará polos dereitos dos afectados do Nó do Pino

☐ Asegura que fará valer o compromiso do Fomento co Concello de chegar a acordos nas expropiacións, e garante que os servizos de toda a zona afectada volverán a poñerse en perfectas condicións de uso.

Pontevedra, 12 de maio de 2009

O alcalde Miguel Anxo Fernández Lores e o concelleiro de Barrios, Miguel Vázquez Plaza recibiron esta tarde á Asociación de veciños Salcedo Norte para estudar a reforma que o Ministerio de Fomento acometerá no Nó do Pino nos vindeiros meses.

Logo de escoitar as preocupacións de cada un dos afectados de boca dos seus representantes, o alcalde aseguroulles que o Concello vai facer valer o compromiso acadado co Ministerio de Fomento de chegar a acordos nas expropiacións que comezan mañá. Fernández Lores indicou que o propósito é que as expropiacións se valoren nos seus xustos termos de tal xeito que ningún dos afectados resulte perxudicado persoalmente, nunha obra de vital importancia para o municipio de Pontevedra.



CONFORME: O director xeral da Área de Mobilidade na data da súa sinatura electrónica

O alcalde manifestou que o Concello fará un seguemento expreso para que as valoracións das vivendas sean xustas. De feito, o concelleiro Miguel Vázquez Plaza estará presente mañá e pasado mañá nos actos de expropiación, e os técnicos municipais farán un seguemento ex profeso para garantir que se cumpre o compromiso acadado con Fomento de chegar a acordos.

Fernández Lores tamén se comprometeu á reposición dos servizos de toda a zona afectada coas modificacións do proxecto que sexan necesarias durante a execución da obra, xa que o propósito do alcalde é que todos os veciños afectados volvan a recuperar os servizos que contan na actualidade, ou incluso melloralos.

Asemade, o alcalde manifestou aos representantes veciñais que de ser necesario os técnicos municipais e o concelleiro Miguel Vázquez Plaza farán visitas sobre o terreo para buscar solucións tanto durante o proceso de levantamento de actas como na execución da obra.

BO DÍA, GABINETE DE PRENSA

